

RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2015 pola que se publica o lugar e data de realización da proba de coñecementos turísticos correspondente ás bolsas de formación en oficinas de información turística publicada na resolución de 16 de febreiro de 2015 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en diversas áreas da Axencia de Turismo de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 10.7 da resolución de 16 de febreiro de 2015 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en diversas áreas da Axencia de Turismo de Galicia publicada no DOG núm. 41 do 2 de marzo de 2015 a comisión de selección

**RESOLVE**

1.- Convocar aos todos os solicitantes das bolsas de formación en oficinas de información turística admitidos, á realización da proba de coñecementos turísticos.

**DÍA:** 13 de maio de 2015

**HORA:** 11:00

**LUGAR:** Escola Galega Galega De Administración Pública (EGAP). AULA nº 11 (1<sup>a</sup> planta)

**ENDEREZO:** Polígono das Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4 15707 Santiago de Compostela

2.- Segundo o establecido nas bases de convocatoria, a proba consistirá nun cuestionario tipo test sobre o temario incluído no anexo II. O test constará dun formulario de 50 preguntas, con catro respuestas alternativas das que só unha será correcta e terá unha duración de 60 minutos. Os candidatos deberán acudir ao exame provistos dun lapis do número 2 e unha goma de borrar.

3.- O chamamento comezará ás 11:00. Os candidatos deberán presentar á entrada á proba o DNI ou documento de identificación equivalente. Non será permitido o acceso ao exame a aquelas persoas que non acrediten a súa identificación.

Santiago de Compostela, 6º de maio de 2015

A xefa da Área de Calidade e Proxectos Europeos

Laura González-Doposo Portela

